

Benvidos ao Grupo Banco Sabadell

Hai máis dun ano que Banco Sabadell chegou a un acordo con KBL para adquirir o Banco Urquijo. Ese momento significou para os traballadores de Banco Urquijo unha mudanza mais para engadir na nosa vida laboral e un grande esforzo de adaptación que contribuíu aos «extraordinarios resultados» de 2006 (segundo recoñeceu a Dirección do Banco Sabadell en diferentes ocasións).

Ata o momento, a Dirección do Sabadell correspondeu á actitude positiva dos traballadores procedentes do Urquijo co incumprimento dos acordos sociais asinados no ano 2000: peche da Colaboradora Médica de Madrid, venda de Fonte Pizarro, demora na convocatoria da Comisión de Préstamos e Anticipos, despedimentos improcedentes... e coa vontade manifesta de continuar incumprindo os devanditos acordos, como desgraciadamente veñen sufrindo tamén os nosos novos compañeiros de BS.

O pasado día 2, a Dirección anunciábanos a subscrición dun cuarto de paga de beneficios (art. 18 do CCB) correspondente ao exercicio 2006, coa desagradable sorpresa de que aos empregados procedentes do Banco Urquijo que non homologuen individualmente as súas condicións laborais ás do Banco Sabadell non «percibirán, consolidarán nin pensionarán este cuarto de paga».


Outra vez estamos diante dun incumprimento, nesta ocasión do Protocolo de Fusión do 6 de xullo de 2006, polo que nos puxemos en mans dos nosos avogados para iniciarmos as accións xudiciais oportunas.

No seu momento non foi posible homologar as condicións sociais dos dous bancos porque supoñía para a maioría de traballadores do Urquijo unha perda de dereitos. Por parte da Dirección do BS nunca houbo vontade de chegar a un acordo, pero agora van máis lonxe e “incentívannos” coa mensaxe de que aínda que o noso traballo contribúe a incrementar os beneficios do banco, non imos ser partícipes de incrementos nas pagas de beneficios.

Na nosa andadura no Banco Sabadell tivemos unha excelente acollida polos novos compañeiros/as pero tamén estamos a sufrir as artimañas da Dirección para incumplir os acordos vixentes.

9 de xullo de 2007

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____		Ofi.: _____		
Domicilio _____				
Poboación _____		C.P.: _____		
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / / _____
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que podo exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				